



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Pleno do Comité N° 6 - 6 de novembro de 2015

O Comité da Coruña non quere referendo do convenio

1.- Actas: aprobada por unanimidade a acta 4 coas nosas propostas de modificación. Está pendente de envío o borrador da acta 5.

2.- Comisións: neste punto coméntase a reunión da Comisión de incendios celebrada o 6 de outubro onde se trataron os puntos habituais: actas da comisión interdepartamental, falsas alarmas, obturación do ocos (hai 5.000€ de orzamento para o 2016)... Tamén se fala do plan de emerxencia da central de Espiño que aínda está sen facer. Houbo simulacros en Hércules e Montañón.

Dende a CIG comentamos dúas cuestións para que sexan levadas á vindeira reunión do Comité Provincial de Seguridade e Saúde: pola central de Ames está pasando moito persoal polos traballos de FTTH e só se limpa cada 3 meses co que a central, e especialmente o aseo, presentan un estado lamentable. Tamén falamos do estado do repartidor de cobre pois ao non desmontarse as pontes cando hai unha baixa está saturado co que resulta moi complicado traballar co risco de deixar sen servizo a clientes ao mover ou timbrar pontes, esta situación dáse en moitas outras centrais.

3.- Convenio: falase de facer outra rolda de asembleas de Comité estando todos de acordo polo que nos vindeiros días farase unha proposta de calendario para tratar na reunión da Permanente do comité. Dende a CIG presentamos a seguinte proposta:

Proposta de Resolución da CIG ao Comité de Empresa da Coruña:

O Comité de Empresa da Coruña acorda dirixirse ao Comité Intercentros para que non se asine o Convenio Colectivo se non hai un posicionamento favorable do cadro de persoal expresado en referendo.

A proposta non saíu adiante pois tivo 2 votos a favor (CIG) e 14 en contra (CCOO e UGT). No debate houbo máis escusas que argumentos pero quedou clara a posición de cada quen. Dende a CIG defendemos unha vez máis que cando se consulta ao conxunto dos traballadores a súa opinión debe terse en conta e polo tanto a mesa negociadora estaría obrigada a tomar os acordos necesarios para levar adiante o expresado no referendo.

Nós por suposto que aceptariamos o resultado do referendo, facilitando os movementos necesarios para que se levase adiante o aprobado polos traballadores mais iso non pode coartar a nosa liberdade para manter unha posición propia. Poñemos o exemplo do referendo da OTAN onde saíu o SI pero as persoas e colectivos que estiveron en contra, respectando o resultado da consulta, teñen toda a lexitimidade para manter a súa posición.

QUEREMOS DECIDIR – QUEREMOS REFERENDO

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!